

BIBLIOSAÚDE PERMITIU AOS PROFESIONAIS SANITARIOS DESCARGAR MÁIS DE 460.000 ARTIGOS CIENTÍFICOS EN 2011

- *A biblioteca virtual do sistema sanitario público de Galicia posibilita acceder á información nun tempo menor e dispoñer de máis recursos técnicos*
- *Ofrece servizo as 24 horas do día e todos os días do ano a todos os hospitais do Sergas e a todos os centros de atención primaria*

Bibliosaúde, a biblioteca virtual do sistema sanitario público de Galicia, permite aos profesionais acceder á información científica nun tempo menor que cos métodos tradicionais e que co acceso virtual dispoñan dun número maior de recursos técnicos. Neste sentido, o pasado ano 2011 descargáronse máis de 460.000 artigos científicos e solicitáronse máis de 36.000 fóra da Comunidade Autónoma.

A iniciativa naceu como proxecto para cambiar o sistema tradicional de bibliotecas presenciais existentes nos centros hospitalarios a outro no que se estende, de xeito on liña, o acceso á información a todos os centros sanitarios. A través dela ponse á disposición de todos os profesionais do ámbito da sanidade información relevante e técnica que lles permite a toma de decisións na práctica clínica, na xestión, na docencia e na investigación, mellorando significativamente a situación nos hospitais comarcais e na Atención Primaria, xa que poden ter a mesma accesibilidade que nos centros máis grandes.

Esta centralización permite, así mesmo, unha racionalización dos recursos económicos destinados aos fondos bibliográficos do Servizo Galego de Saúde, permitindo un aforro de arredor do 40% do seu orzamento.

Iniciativa plenamente consolidada

Bibliosaúde ofrece servizo, durante as 24 horas do día, todos os días do ano, a todos os hospitais do Sergas, a todos os centros de atención primaria e aos servizos periféricos, departamentos territoriais provinciais, fundacións públicas e institutos asociados. Na actualidade, está plenamente consolidada e ten un uso diario moi importante.

Todo o persoal do Sergas dispón de acceso á biblioteca virtual dende o seu posto de traballo ou dende o seu domicilio. Así mesmo, pódese acceder a coleccións de revistas de ciencias da saúde a texto completo, libros e bases de datos; e dispón dun servizo de petición de artigos, busca bibliográfica, catálogo de libros en liña, etc. Grazas a esta ferramenta pódese acceder a máis de 5.000 revistas electrónicas e máis de 700 libros electrónicos, entre outros recursos.

O pasado ano, Bibliosaúde realizou 138 cursos de formación aos que asistiron 1.208 persoas. Ademais dos profesionais sanitarios con praza no sistema, poden acceder a ela os médicos xubilados, interinos e en prácticas, constituíndo, desta maneira, unha axuda importante para a formación dos futuros profesionais, xa que o acceso a unha información científica rigorosa e centralizada repercute na mellora da calidade da atención sanitaria que reciben os galegos.

Actualmente, entre as novas iniciativas que está a desenvolver, a biblioteca virtual participa na Plataforma de Innovación da Consellería de Sanidade –nos eidos da xestión da produción científica da Consellería e do Sergas e do desenvolvemento e implementación do Repositorio institucional de documentos clínicos do Sergas- e está levando a cabo a implantación dun dos primeiros catálogo en liña de ciencias da saúde realizado por unha comunidade autónoma.